



PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NO COMERCIO

PREGUNTAS FRECUENTES

20 de novembro de 2020

Traballo atendendo ao público pero teño sospeitas de estar contaxiado, que debo facer? Debo acudir ao meu traballo?

- › As persoas que presenten **febre, síntomas respiratorios** (tose ou sensación de falta de aire) **ou outros síntomas da COVID-19** deben quedar no seu domicilio, informar á empresa e contactar cos servizos de saúde no teléfono de atención **900 400 116** ou co médico de atención primaria. O servizo sanitario do departamento de prevención de riscos laborais será o encargado de establecer os mecanismos para a investigación e seguimento dos contactos estreitos no ámbito das súas competencias, de forma coordinada coas autoridades de saúde pública.
- › **Non deberá acudir** ao posto de traballo ata que se confirme que non hai risco para a persoa traballadora ou para os demais.
- › As persoas traballadoras que estiveron en **contacto estreito**, entendido como máis de 15 minutos a distancias inferiores a 2 metros, cunha persoa enferma tampouco deben ir traballar, mesmo en ausencia de síntomas, e seguirán as instrucións dos profesionais sanitarios. Deben estar en alerta por se aparecen síntomas desta enfermidade.

Que debo facer se estou no grupo de traballadores especialmente sensibles ao coronavirus?

- › **As persoas traballadoras especialmente sensibles á COVID-19** son as que están incluídas nos grupos vulnerables e, ademais, a valoración do seu posto de traballo determinou que existe un risco medio, alto ou moi alto en relación coa exposición ao SARS-CoV-2. Non se terá en conta o risco baixo por ser similar ao comunitario.
- › **As persoas traballadoras do réxime xeral da Seguridade Social** serán valoradas polo persoal sanitario do servizo de prevención de riscos laborais (SPRL) e de ser cualificadas como especialmente sensibles, deberán propoñerse as medidas preventivas adecuadas para minimizar o risco no medio laboral (colectivas ou individuais, adaptación de tarefas, recolocación...). Se non se poden adoptar as medidas preventivas, o médico do traballo do SPRL emitirá un informe para o médico de atención primaria.
- › **As persoas traballadoras autónomas sen asalariados ao seu cargo** serán valoradas pola Inspección de Servizos Sanitarios e o resultado será comunicado ao médico de atención primaria, se procede a situación de incapacidade temporal será quen emita o parte. As solicitudes presentaranse pola persoa interesada ou polo seu representante legal mediante o procedemento PR004A (<http://sede.xunta.gal/tramitar/PR004A>).
- › **As persoas traballadoras autónomas con asalariados ao seu cargo** deberán presentar un informe asinado polo médico de traballo dun SPRL nos mesmos termos que os sinalados para os traballadores do réxime xeral da Seguridade Social.

En que situación laboral me encontro se non podo ir traballar por estar no grupo do persoal traballador especialmente sensible?

- › **Considérase unha situación asimilada a accidente de traballo para a prestación económica**, pero a continxencia para cubrir **será sempre de enfermidade común**.

Que medidas debo adoptar para desprazarme ao lugar de traballo?

- › Nos **desprazamentos** teranse en conta as opcións de mobilidade::

| **Mellor** utilizar un medio de **transporte individual**.

| Para as persoas **maiores de seis ou máis anos é obrigatorio o uso de máscara** nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús ou por ferrocarril, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, **agás** nos vehículos de turismo cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio..

| Na **moto** non se precisa, se os ocupantes usan casco integral ou son convivintes.

| En caso de ir ao traballo **camiñando ou en bicicleta**, é obrigatoria a **máscara** aínda que se poida gardar a distancia interpersoal de 1,5 metros.

| En todo tipo de transporte seguiranse as regras de **uso de máscaras e mobilidade indicadas** en cada momento polas autoridades.

Como podo limitar a proximidade entre a clientela, o persoal traballador e os distribuidores?

- › **Controlar o aforo máximo permitido** para garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas no interior.
- › **Establecer un horario de atención preferente** para as persoas maiores de 75 anos.
- › **Organizar a entrada da clientela** por quendas e respectar a distancia estipulada durante a espera.
- › **O uso de ascensores e montacargas limitarase** ao imprescindible, priorizando o uso das escaleiras. Cando sexa necesario utilízalos, a ocupación máxima será do **cincuenta por cento** da súa capacidade e será **obrigatorio o uso da máscara** por parte das persoas ocupantes, nos termos indicados pola normativa vixente.
- › **Permanecer** no local o **tempo indispensable** para a compra.
- › **Sinalizar o chan mediante** cintas adhesivas ou postes separadores que proporcionen distancias mínimas entre a clientela **que fai cola para ser atendida, a caixa** etc.
- › **Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros** entre os traballadores e o público ou, na súa falta, utilizaranse medidas alternativas de protección física. O **uso da máscara será obrigatorio**, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos na normativa vixente.
- › **Organizar o percorrido** de entrada e saída para dirixir o fluxo de persoas que entran e saen do comercio co fin de evitar o contacto.
- › **Fixar horarios** para atender aos representantes comerciais e establecer as pautas de seguridade para a recollida da mercadoría.
- › **Fomentar o comercio online** con servizo de entrega a domicilio, extremando tamén as precaucións. Se non é posible a entrega a domicilio, contemplarase a posibilidade de habilitar **servizos de recollida no comercio** en zonas especificamente destinadas para iso evitando as aglomeracións.
- › **Establecer quendas de traballo** para evitar posibles contaxios e garantir a continuidade da actividade.
- › **Distribuír as tarefas entre o persoal** de forma que se garanta a distancia mínima establecida.
- › A ocupación máxima dos **aseos** será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante
- › **Utilizar preferentemente o pago con tarxeta ou móbil** sempre que sexa posible para evitar o contacto coa clientela.
- › **O uso de máscaras** será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre o persoal **traballador e a clientela ou entre o persoal**, nos termos indicados pola normativa vixente.

Que medidas hixiénicas podo adoptar no meu comercio para evitar contaxios?

- › **Facilitar solucións hidroalcohólicas, luvas desbotables e colocar contedores** con tapa, pedal e bolsa recambiables nos accesos ao comercio para uso público, limpalas con frecuencia e polo menos unha vez ao día.
- › **Deberase utilizar máscara hixiénica/cirúrxica** durante a estancia no comercio.

- › **Dispoñer de produtos** para a hixiene de mans (xabón, solucións hidroalcohólicas e panos desbotables) e para a limpeza e desinfección (deterxente habitual, lixivia ou outros produtos autorizados). Dotar ao persoal de **material suficiente**.
- › **Facilitar o lavado frecuente de mans**, solucións hidroalcohólicas e luvas desbotables ao persoal traballador.
- › **Buscar a mellor maneira de protexer o produto** para evitar a súa contaminación pola exposición e manipulación.
- › **Eliminar os produtos de mostra** salvo os de telecomunicacións que se poderán probar baixo supervisión.
- › Solicitar á clientela que **non manipule os** artigos que non vaia comprar.
- › Ter ao alcance dos clientes só as **pezas imprescindibles** para que o persoal do comercio teña un maior control e evitar que sexa manipulada pola clientela.

Podo seguir usando os probadores de roupa no meu local? Nese caso, que medidas debo adoptar?

› En relación cos probadores:

! **Unha soa persoa** por probador.

! **Valorar o cambio de cortinas** por paneis ou portas para facilitar unha mellor limpeza. No caso de que se acceda mediante **cortina** e non sexa viable a substitución, establecer instrucións para **non tocala coa man, retírala con luvas ou o cóbado**.

! **Limpeza e desinfección despois de cada uso** con lixivia diluída (2 culleradas por litro de auga ou se é comercial respectando as indicacións do produto) ou un produto virucida autorizado polo Ministerio de Sanidade, incluíndo todos os elementos do seu interior (espellos, asentos, colgadoiros, etc.). Empregue sempre **procedementos e produtos recomendados** polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono.

! **Utilizar calzas desbotables** para probar zapatos e gorros desbotables para sombreiros.

! **Seleccionar o número de pezas a probar**. Para o control do número de pezas utilizar elementos que se poidan refugar e que en ningún caso se compartan.

! No caso de que un cliente probe unha peza que posteriormente non adquira u no caso de que a devolva, o titular do establecemento implementará **medidas para que a peza sexa hixienizada** antes de que sexa facilitada a outros clientes.

O persoal traballador do meu comercio pode compartir obxectos como os lectores de códigos das etiquetas?

- › Recoméndase **evitar compartir material de traballo** como ordenadores, datáfonos, lectores de códigos, etiquetadoras e outros obxectos sen limpalos **previamente**.

Que pautas debo seguir coa roupa/uniformes de traballo?

- › **Lavar a diario cos produtos recomendados** os uniformes ou roupa de traballo, polo que se podería valorar o aumento de dotación dos mesmos. Levaranse en bolsas **pechadas para o seu lavado**. **Recoméndase** un lavado cun ciclo completo a unha **temperatura de >60°C** ou utilizar aditivos para a desinfección cando o tecido non **admita esa temperatura**.

Como deben facerse as tarefas de limpeza e ventilación dos locais? Que medidas debe seguir o persoal de limpeza?

- › **Reforzar as tarefas de limpeza e desinfección do local e das superficies** que máis se tocan (mostradores, pomos de portas, computador, TPV, probadores, aseos, etc.). É necesario limpar a área de traballo cando hai cambios de persoal. Realízala como mínimo dúas veces ao día e unha delas ao final da xornada. Os deterxentes habituais son suficientes, aínda que tamén se pode contemplar a incorporación de lixivia ou outros produtos desinfectantes ás rutinas de limpeza, sempre en condicións de seguridade e segundo as recomendacións da autoridade sanitaria.

› **O persoal que realice a limpeza** unha vez finalizado o seu traballo e tras despoñerse de luvas e máscara, debe realizar unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos 40-60 segundos.

› **Ventilar** o local como mínimo de forma diaria e durante o tempo necesario para asegurar a renovación do aire. Asegurar a renovación igualmente se hai sistemas de climatización ou ventilación instalados e vixiar o seu correcto funcionamento e mantemento.

É aconsellable utilizar ozono como medio de desinfección?

› Na **listaxe de biocidas con actividade virucida publicada polo Ministerio de Sanidade non figura ozono**, malia que as súas capacidades virucidas estean a ser avaliadas na actualidade pola Unión Europea.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf

› Actualmente, non existe **ningún produto virucida** que **estea autorizado para o seu uso por nebulización sobre as persoas**. Por tanto, esta técnica de aplicación que se anuncia nos denominados túneles desinfectantes de ningún modo pode ser utilizada sobre persoas. Un uso inadecuado de biocidas introduce un dobre risco, posibles danos para a saúde humana e dar unha falsa sensación de seguridade.

› Así mesmo, ante a detección dun incremento de empresas doutros sectores, como poden ser os de limpeza ou de mantemento, que están a ofertar servizos de desinfección en espazos públicos e privados con motivo da COVID-19, lémbrese que todas as empresas que presten servizos de desinfección a terceiros mediante o uso de biocidas, deben estar **inscritas no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas da Comunidade Autónoma de Galicia (ROESB Galicia)**, o que vai a asegurar que estas empresas estean suxeitas a constantes inspeccións por parte das autoridades sanitarias e ademais conten con persoal técnico cualificado para desempeñar as tarefas de desinfección.

› En canto ás máquinas xeradoras de ozono:

| Non está avaliada esta forma de uso do ozono para a desinfección, descoñécese a súa eficacia contra o virus, a dose adecuada e a perigosidade para este uso concreto.

| Non existen biocidas rexistrados a base de ozono para ningún tratamento.

| Quen utilice esta máquina faino baixo a súa responsabilidade.

| Unha empresa rexistrada no Rexistro Oficial de Servizos Biocidas non podería utilizalas xa que só poden usar biocidas autorizados.

E para os produtos que un cliente probou pero non mercou, pode usar lámpadas de luz ultravioleta para a súa desinfección?

› Como para o ozono, a normativa europea obriga a que todos os produtos que se vaian usar como desinfectantes **sexan avaliados e rexistrados antes da posta no mercado**, e por iso o Ministerio de Sanidade está a insistir en que todos os desinfectantes que se usen contra o virus sexan efectivamente virucidas (eliminan ou inactivan o virus) e seguros na súa utilización.

› En canto ás lámpadas de luz ultravioleta (UV):

| A luz UV non debe nunca ser aplicada sobre as persoas. Os efectos daniños comprobados son sobre a pel e sobre os ollos.

| Non se avaliou o uso de lámpadas UV para desinfección de superficie. A luz UV máis efectiva contra o virus é a máis prexudicial para as persoas, a súa aplicación requiriría de persoal experto e aplicación con todas as medidas de seguridade.

| Un dos problemas da luz UV parece ser a súa capacidade limitada de penetración nos materiais e polo tanto parece ser eficaz para matar xermes cando se trata por exemplo de superficies lisas.

| Ademais, a súa utilización nunha empresa require cumprir co estipulado no Real decreto 486/2010, de 23 de abril, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a radiacións ópticas artificiais, para o cal se deberá solicitar o asesoramento do servizo de prevención.

| Tendo en conta o exposto hai que ter presente que actuar sobre as diferentes vías polas que se pode producir o contaxio e a diseminación do virus amósase moito máis eficaz que aplicar medidas remedio posteriores. É polo tanto

primordial elevar ao máximo as medidas preventivas, tanto as medidas de hixiene persoal e de limpeza, como gardar a distancia de seguridade, o uso de equipos de protección, e como outras medidas específicas.

I Por último, e de xeito aclaratorio, cómpre dicir que o concepto “hixienizar”, reflectido nas guías do Ministerio de Sanidade, ten unhas connotacións que non acadan o rendemento dunha desinfección que require ser levada a cabo con produtos testados (neste caso como virucidas) e cun procedemento que asegure eficacia e seguridade. En calquera caso, cando a desinfección non sexa posible, outras técnicas alternativas, por exemplo a aplicación de vapor quente sobre pezas de vestir, o illamento temporal de produtos ou outros tratamentos, poden encadrarse no ámbito da hixienización.

Como podo organizar mellor as condicións de traballo do meu comercio (mobiliario, quendas de traballo, etc.)?

- › Modificar a **disposición dos postos**, a organización das **quendas** e o resto de condicións de traballo, para **manter a distancia de seguridade** mínima de 1,5 metros entre o persoal.
- › Organizar a **circulación de persoas** e a distribución de espazos (mobiliario, andeis, corredores, liña de caixas, etc.).
- › **Informar e formar ao persoal sobre** os riscos de contaxio e propagación do coronavirus, con especial atención ás vías de transmisión e as medidas de prevención e **protección adoptadas**.

Como podo informar á clientela sobre as medidas establecidas para evitar contaxios?

- › **Colocar carteis en zonas visibles** do comercio que advirtan á clientela sobre as medidas organizativas e de distanciamento físico establecidas polas autoridades sanitarias e sobre a súa obrigaón de cooperar **no seu cumprimento**.

Debo facer provisión de material de limpeza e de protección?

- › Recoméndase **ter suficiente material de protección**, especialmente **máscaras e luvas desbotables**, para o persoal traballador.
- › Dispoñer dunha provisión **suficiente de material** para poder realizar as tarefas de **limpeza e desinfección** reforzada e diaria. Entre eles, lixivia e produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade para desinfectar en condicións de seguridade segundo as indicacións do fabricante.

Como debo prepararme por se xorden situacións de estrés laboral neste novo escenario?

- › Recoméndase que a empresa dea **pautas de actuación ante posibles situacións de estrés laboral** polo contexto actual.

Son persoal traballador dun pequeno comercio, debo usar máscara de protección durante a xornada de traballo?

- › **Será obrigatorio sempre** nos espazos de uso público ou que se atopen abertos ao público aínda que se poida manter a distancia de seguridade de 1,5 metros. Non será obrigada o uso da máscara nos traballos ou tarefas que se desenvolvan en solitario. Non será esixible cando pola propia natureza das actividades resulte incompatible conforme as indicacións das autoridades sanitarias. Os servizos de PRL asesorarán ás empresas sobre as condicións de utilización da máscara. **Preferiranse as máscaras hixiénicas e cirúrxicas**, que cubrirán o desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.
- › O emprego de máscaras é unha **medida complementaria** e non substitúe as medidas preventivas establecidas como, por exemplo, distanciamento físico, etiqueta respiratoria, hixiene de mans, adecuada ventilación e evitar tocar a cara, o nariz, os ollos e a boca. Si pode servir como un medio de control da fonte de infección ao reducir a propagación, xa que se rebaixa a excreción de pingas respiratorias de individuos infectados que aínda non desenvolveron síntomas ou que permanecen asintomáticos.
- › As máscaras hixiénicas deberán responder a estándares de calidade certificados ao mesmo nivel que as máscaras cirúrxicas ou médicas (Norma EN 14683:2019+AC:2019), o que exclúe os produtos fabricados con outro tecido,

tricotado ou papel. Poden ser **reutilizables** (especificación técnica UNE 0065:2020) ou **non reutilizables** (especificación técnica UNE 0064-1:2020).

- › O seu uso pode **colaborar na diminución da transmisión** por parte de persoas sen síntomas ou con síntomas leves, sempre que se faga asociado ás medidas de prevención.
- › As máscaras cirúrxicas ou médicas deben ser un produto sanitario con marcado CE.
- › O seu **uso limita a saída das pingas respiratorias** polo que prevén a transmisión do virus a outras persoas e ten un efecto protector, se se usa de maneira adecuada e asociado ás medidas de prevención. Para iso é imprescindible que encaixe ben na cara, se tolere ben e se teñan as precaucións de uso correcto das máscaras.
- › A máscara de protección individual EPI (tipo FFP2) só é recomendable nos casos prescritos polo servizo de prevención, que debe indicar o seu uso, tipo, tarefas e situacións nas que se debe usar.

A mellor forma de previr a **transmisión** é usar unha combinación de todas as medidas preventivas. Os equipos de protección individual (EPI), de considerarse, serán un complemento.

- › **Usar e refugar** as máscaras e os EPI de forma adecuada para previr a infección.
- › Lavar sempre as mans antes de poñelos e despois de quitálos. Evitar igualmente tocar a cara cando se leven postos.
- › É necesario **garantir a subministración de material de protección**, de maneira especial máscaras e luvas, segundo as indicacións do servizo de prevención de **riscos laborais e das autoridades sanitarias**.

Se un empregado do meu local presenta síntomas durante a xornada de traballo, como debemos actuar?

- › **No caso de que unha persoa traballadora presente sintomatoloxía compatible** coa enfermidade, retiraráselle da súa actividade profesional, illaráselle e dotaráselle dunha máscara cirúrxica. Contactarase cos servizos de saúde chamando ao teléfono de atención **900 400 116** ou ao médico de atención primaria.
- › **O servizo sanitario do SPRL** deberá colaborar na investigación e seguimento dos contactos estreitos no ámbito das súas competencias, de forma coordinada coas autoridades de saúde pública.

Que indicacións debe cumprir o persoal traballador dun pequeno comercio para previr contaxios? E en relación co uso de equipos e dispositivos da tenda?

- › **Cumprir con todas as medidas de prevención** que lle indique a empresa.
- › Manter a **distancia de seguridade** de 1,5 metros.
- › Utilizar **máscara** hixiénica ou cirúrxica.
- › **Evitar** o saúdo con contacto **físico**, incluído o dar a man.
- › **Non utilizar equipos e dispositivos** doutras persoas traballadoras. No caso de que sexa necesario, aumentar as medidas de precaución e desinfectalos antes de usalos. Se non é posible, lavar as mans inmediatamente despois de usalos.
- › **Lavar frecuentemente as mans** con auga e xabón, ou cunha solución hidroalcohólica. É especialmente importante lavarse despois de tusir ou esbirrar ou despois de tocar superficies potencialmente contaminadas. Tratar de que cada lavado dure polo menos 40 segundos.
- › **Cubrir o nariz e a boca** cun pano desbotable ao tusir e esbirrar, e desbotalo a continuación nun contedor con tapa, pedal e bolsa recambiable. No caso de non dispoñer de panos, empregar a parte interna do cóbado para non contaminar as mans. Se esbirramos ou tusimos con máscara, cambiala despois e lavar as mans.
- › **Evitar tocar** os ollos, o nariz ou a boca, xa que as mans facilitan a transmisión do virus, tamén cando use máscaras e/ou luvas.
- › **Facilitar** o traballo ao persoal de limpeza cando se abandone o posto, despexándoo o máximo posible.
- › **Tirar** calquera refugallo de hixiene persoal, especialmente os panos desbotables, de forma inmediata ás **papeleiras** ou contedores habilitados.
- › **No caso de presentar síntomas no traballo**, debe comunicalo á empresa e contactar de inmediato co teléfono de atención **900 400 116** ou co médico de **atención primaria**.

Como debo poñerme a máscara correctamente?

- › Débense seguir os seguintes pasos na colocación correcta da máscara hixiénica ou cirúrxica:
 - | **Lavar as mans** con auga e xabón antes de manipular a máscara. Identificar a parte superior e/ou o lado correcto desta. Colocala na cara e axustar, se dispón dela, a pinza nasal ao nariz.
 - | Colocar ben as **bandas** segundo o **modelo de máscara**. Por detrás das orellas ou a banda superior pola parte da cabeza e a inferior pola parte de atrás do pescozo.
 - | Baixar a **parte inferior da máscara** á barbela e verificar que esta **queda cuberta** na súa totalidade.
 - | Presionar a **pinza nasal**, se a ten, cos dedos índices de ambas as dúas mans para axustala ao nariz. Verificar que a máscara está colocada correctamente, comprobando o **selado** e a ausencia de molestias respiratorias.
 - | Unha vez axustada, **non tocar a máscara** coas mans. Se o usuario necesita tocar a máscara, debe previamente lavar as mans con auga e xabón ou refregalas cunha solución hidroalcohólica.

Como debo xestionar os residuos do meu local?

- › **Xestionar os residuos ordinarios** do modo habitual.
- › O material de hixiene persoal (**luvas, máscaras ou panos**) desbotaranse en papeleiras ou contedores con tapa, pedal e bolsa recambiable e depositarase na fracción resto.
- › No caso de que unha **persoa traballadora presente síntomas** mentres se atope no seu posto de traballo, será preciso **illar o contedor** onde depositase **panos ou outros produtos usados**. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

Que debo ter en conta no relativo á limpeza do local no caso de que estivera algunha persoa contaxiada?

- › Débense limpar todas as **superficies** que se toquen con frecuencia como mesas, tiradores de portas, accesorios do baño, inodoro, teléfono, pasamáns de escaleiras, interruptores, teclados de ordenadores, tablets, etc.
- › Para proceder a limpeza e desinfección empregar máscara cirúrxica (non tocala mentres se usa), bata e luvas desbotables.
- › Antes de comezar a limpar **ventile ben** a estancia.

Como podo realizar a desinfección do local nese caso?

- › Para a desinfección do local no caso de que estivera algunha persoa afectada polo coronavirus pode proceder do seguinte xeito:
 - | Empregue unha disolución de **lixivia** comercial que sexa apta para a desinfección de augas: prepárea medindo 20 mililitros cunha xiringa (ou 2 culleres sopeiras) e engádaa a 1 litro de auga. Prepare a mestura xusto antes de usala, en auga a menos de 50°C. deixe actuar polo menos a disolución 10 minutos. Pódese usar tamén unha solución desinfectante de uso doméstico con eficacia probada ante virus.
 - | Utilice **panos desbotables**, ou rolo de papel, ou cabezais de mopa desbotables para facelo que despois botará ao lixo en dobre bolsa.
 - | Os obxectos que non se poden limpar con solucións desinfectantes pódense limpar con **vapor** (por exemplo mobles tapizados).

Como podo realizar a limpeza de pezas de roupa e obxectos que estivesen en contacto directo coa persoa contaxiada?

- › No caso da limpeza de pezas de roupa que estivesen en contacto directo coa persoa afectada farase o seguinte:
 - | Meta toda a roupa que precise lavarse nunha bolsa. Introdúzaa noutra bolsa limpa.

| Ao retirar a roupa da bolsa non a sacuda e introdúzaa inmediatamente na lavadora. Fágao con coidado e se é posible baleire a bolsa dentro. Lave as mans e poña en marcha a lavadora. Use un programa de auga quente (por riba de 60°C), senón use a temperatura máis alta que poida empregar segundo a prenda.

| Lave esta roupa separada de outra.

› Para os obxectos que se poden somerxer en auga:

| Láveos con auga quente e deterxente. Póñaos a remollo separado do resto de utensilios que non estiveron en contacto coa persoa afectada e despois láveos ben e aclare.

| Pódese usar un lavalouzas cun programa > 50°C. Neste caso pódese mesturar con outros utensilios non afectados pola persoa enferma.

Neste caso, como debo xestionar o material contaminado ao rematar a limpeza?

› Na xestión do material contaminado terase en conta o seguinte:

| O cubo do lixo que se use para a limpeza terá tapa e pedal de apertura e estará provisto dunha bolsa que debe ser resistente e que se poida pechar moi ben (preferiblemente con peche hermético).

| Cando remate a limpeza retire as luvas, a bata e máscara, nesta orde e desbóteas nunha bolsa do lixo con peche hermético (bolsa 1) que se pechará inmediatamente. Lave as mans correctamente. Cando vaia retirar o lixo meterá esta primeira bolsa noutra limpa (bolsa 2), tamén con peche hermético.

| A bolsa 2, cos residuos anteriores, depositarase na bolsa de lixo (bolsa 3) co resto dos residuos domésticos. A bolsa 3 tamén se pechará adecuadamente.

| Inmediatamente despois de retirar o lixo, lave as mans de novo con auga e xabón, polo menos 40-60 segundos .

| Non arrastre polo chan as bolsas do lixo ou da roupa.

| O lixo que se xere na limpeza eliminarase nos contedores habituais do lixo, é dicir, os de restos xerais, en ningún caso nos específicos de vidro, papel e envases. Procure eliminar todos os residuos xuntos e dunha soa vez.